



Por esta Alcaldía en atribución das competencias establecidas no artigo 21.1.e) da Lei reguladora das bases do réxime local, tras a publicación no BOE de 09.05.2020 da Orden, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional(fase I), que será de aplicación en todas as provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, **EN RELACIÓN Á NON APLICACIÓN DAS FRANXAS HORARIAS NAS PARROQUIAS DE MENOS DE 5.000 HABITANTES PARA OS PASEOS E DEPORTE INDIVIDUAL** por esta Alcaldía **SE INFORMA** á veciñanza do seguinte:

PRIMEIRO.- Comunicar á veciñanza as **PARROQUIAS, onde non serán de aplicación as franxas horarias DENDE O 13.05.2020 para o PASEO E DEPORTES INDIVIDUAIS, que son as seguintes:**

CABEIRO (SAN XOÁN)

CEDEIRA (SANTO ANDRÉ)

CESANTES (SAN PEDRO)

NEGROS (SANTO ESTEVO)

O VISO (SANTA MARÍA)

QUINTELA (SAN MAMEDE)

REBOREDA (SANTA MARÍA)

SAXAMONDE (SAN ROMÁN)

TRASMAÑÓ (SAN VICENTE)

VENTOSELA (SAN MARTIÑO)

VILAR DE INFESTA (SAN MARTIÑO)

As actividades de paseo e deporte individual se poderán levar a cabo entre as 6:00 horas e as 23:00 horas.

O Concello de Redondela quere reiterar á veciñanza que, o cumprimento estrito das medidas de distanciamento e hixiene son a mellor ferramenta para a loita contra o virus e pide unha actitude responsable para evitar a propagación do COVID-19.

SEGUNDO.- A non aplicación das franxas horarias queda limitada ao ámbito territorial da parroquia, de forma que os paseos e a actividade física individual fora das franxas horarias soamente se poderán realizar dentro da parroquia.

TERCEIRO.- A non aplicación de franxas horarias para paseo e deporte individual seguirá realizándose coas mesmas condicións que ata agora:

PASEOS

- un paseo ao día
- e a unha distancia non superior a 1 quilómetro con respecto ao domicilio

DEPORTE (INDIVIDUAL)

- unha vez ao día

Da totalidade das medidas adoitadas en relación co COVID-19, poderán ter coñecemento a través da web municipal na dirección www.redondela.gal.

Teléfonos de atención do Concello de Redondela: **986400300 e 986402865**; Policía Local: **986402610**

A ALCALDESA

Digna Rosa Rivas Gómez

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C





CONCELLO DE REDONDELA

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf: 986 400 300 Fax: 986 403 994 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 9E5GKH2ACRQKNM9ZY2ZRNY35R | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2